



Concello de
OURENSE

Incorporación de Remanentes 11-R/18
Expte Cividas nº 2018034567
IR - 11R/2018

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a providencia do Concelleiro Delegado de Urbanismo asinada en data 06 de novembro de 2018, na que presta conformidade ó informe técnico, do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS, da mesma data, e solicita a incoación dun expediente de modificación dos proxectos específicos de gasto creados na xeración de créditos núm. 11-X/2107 en virtude da Addenda, asinada en data 4 de xullo de 2018, para a modificación dos acordos da Comisión bilateral relativos ás “Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas do Plan Estatal 2013-2016 e a súa prórroga na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Visto o informe-proposta, de data 15/11/2018 elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Concellería delegada de Facenda, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da “Incorporación de Remanentes”.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 14/12/2018 (informe con referencia 11R-18), realizado no exercicio do control permanente que recolle o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, de acordo coa tramitación prevista nos artigos 17 e 44 das bases de execución do orzamento. Sendo este informe da Intervención Municipal de disconformidade, indicando que *“este equilibrio orzamentario resulta ficticio, toda vez que se insire como recurso que financia a incorporación, uns compromisos de ingresos reflectidos no concepto 72030 “ Subv. Mº Fomento - IGVS ARI Polvorín 3ª fase”, sen ter en conta que con data do 2 de agosto do 2017, ingresaronse por este concepto nas arcas municipais, recursos polo expresado concepto, cifrados en 157.028,91 euros”*.

Visto o posterior informe do Xefe do Órgano de Xestión Económico e Orzamentaria de data 17/12/2018, no que manifesta a súa discrepancia co indicado pola Intervención Municipal mantendo a proposta de data 15/11/2018, indicando que *“o ingreso indicado polo Interventor se corresponde cun dereito recoñecido e ingreso producido no proxecto de gasto con código 16-2-13-06, proxecto que se crea no ano 2016 e finaliza no 2017, e do que se incorpora estado de execución a continuación: (...) Polo tanto trátase dun proxecto distinto, xa finalizado, sendo o estado de execución dos que se propón a súa incorporación a seguinte (podendo comprobarse que non existía ningún dereito recoñecido nin ingreso efectuado para ningún dos proxectos no ano 2017) (...) 17-2-13-02 (...) 17-2-13-03 (...) 17-2-13-04 (...)”*

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 17º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente,
ACORDO:

1.- Modificar os proxectos específicos de gasto, creados mediante Decreto de Alcaldía nº 2017001274 de data 24/02/2017 e que a continuación se relacionan, nos seguintes termos (modificación da data fin do proxecto de gasto):



Código: 17-2-13-02

Título: ARI CH 14ª Fase Rehabilitación

Importe: 228.157,31 €

Período de ejecución: Ata 31 de decembro de 2019

Aplicación orzamentaria de gasto: 130.1522.78031 Conv. Mº Fomento-IGVS ARI CH 14ª F. Reh. 228.157,31 €

Financiación: Subv. Mº Fomento ARI CH 14ª F. Reh. (concepto de ingresos 72029 por importe de 228.157,31 €)

Axente: Ministerio de Fomento (S2817040E)

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

Código: 17-2-13-03

Título: ARI Polvorín... 3ª Fase Rehabilitación

Importe: 220.698,51 €

Período de ejecución: Ata 31 de decembro de 2019

Aplicación orzamentaria de gasto: 130.1522.78032 Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Polvorín 3ª F.Reh. 220.698,51 €

Financiación: Subv. Mº Fomento ARI CH 14ª F. Reh. (concepto de ingresos 72030 por importe de 220.698,51 €)

Axente: Ministerio de Fomento (S2817040E)

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

Código: 17-2-13-04

Título: ARI Serra S. Mamede.. 1ª Fase Rehabilitación

Importe: 85.000,00 €

Período de ejecución: Ata 31 de decembro de 2019

Aplicación orzamentaria de gasto: 130.1522.78033 Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Serra S. Mamede... 1ª F.Reh. 85.000,00 €

Financiación: Subv. Mº Fomento ARI Serra S. Mamede... 1ª F. Reh. (concepto de ingresos 72031 por importe de 85.000,00 €)

Axente: Ministerio de Fomento (S2817040E)

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

2.-Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 11-R/12018, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2017, financiados con ingresos afectados, por un importe total de quinientos trinta e tres mil oitocentos cincuenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (533.855,82.- €), de acordo co seguinte detalle:

A) Remanente que se incorpora

Aplicación orzament. 2017				
Aplicación orzament. 2018		Remanente	Fonte de	Código



R	ORG	FUN	ECON	DESCRIPCIÓN	a incorporar	Financiación	Proxecto
N	130	1522	78031	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI CH 14 F. Reh.	228.157,31	Conc. Ing.	17-2-13-02
N	130	1522	78031	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI CH 14 F. Reh.		72029	
N	130	1522	78032	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Polvorín...3ª F.Reh.	220.698,51	Conc. Ing.	17-2-13-03
N	130	1522	78032	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Polvorín...3ª F.Reh.		72030	
N	130	1522	78033	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Serra S. Mamede 1ª F. Reh	85.000,00	Conc. Ing.	17-2-13-04
N	130	1522	78033	Conv. Mº Fomento-IGVS ARI Serra S. Mamede 1ª F. Reh		72031	
				Total incorporación de remanentes	533.855,82		

B) Recursos que financian a incorporación

Resumen fontes financiamento

Concepto de ingresos	Importe
Subv. Mº Fomento ARI CH 14ª Fase Rehabilitación (72029)	228.157,31
Subv. Mº Fomento ARI Polvorín... 3ª Fase Rehabilitación (72030)	220.698,51
Subv. Mº Fomento ARI Serra S. Mamede... 1ª Fase Rehabilitación (72031)	85.000,00
Total recursos financeiros disponibles	533.855,82

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e a Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

